

GREGO II

OPCIÓN 1: XENOFONTE

I.- TRADUCIÓN (Puntuación máxima: sete puntos)

Os ATENIENSES, SITIADOS, RESPONDEN CON OUTRO ASEDIO.

οί δ' Ἀθηναῖοι πολιορκούμενοι ὑπὸ τῶν Αἰγινήτων, πέμψαντες εἰς Αἴγιναν καὶ ὀπλίτας καὶ στρατηγὸν αὐτῶν Πάμφιλον ἐπετείχισαν Αἰγινήταις καὶ ἐπολιόρκουν αὐτοὺς καὶ κατὰ γῆν καὶ κατὰ θάλατταν δέκα τριήρεσιν.

NOTAS. 1. Ἀθηναῖος, -ου, Ateniense. 2. Αἴγινα, -ης, Exina, illa preto de Atenas.

4. Αἰγινήτης, -ου, Exineta, habitante de Exina. 5. Πάμφιλος, -ου, Pánfilo, estratego ateniense. 6. Πάμφιλον, complemento, ten στρατηγὸν como predicativo.

II.- PREGUNTAS (Puntuación máxima: tres puntos)

a) Contestar a DÚAS destas catro PREGUNTAS

1. Análise morfolóxica de πέμψαντες e de τριήρεσιν.
2. ¿De que guerra protagonizada por Atenas se ocupa Xenofonte?
3. Obras principais de Xenofonte.
4. Cite e explique algúns exemplos de vocabulario actual relacionados con στρατηγός “estratego” e con δέκα “dez”.

b) Contestar obrigatoriamente a UNHA destas dúas PREGUNTAS:

1. ¿Cales son os temas fundamentais da Lírica Arcaica grega?
2. Trazos do heroe homérico.

OPCIÓN 2: PLATÓN

I.- TRADUCIÓN (Puntuación máxima: sete puntos)

EDUCACIÓN DOS NENOS EN COÑECER AS LEIS E ACTUAR SEGUNDO ELAS.

ἐπειδὴν δὲ ἐκ διδασκάλων ὀπαλλαγῶσιν οἱ παῖδες, ἡ πόλις αὐτοὺς ἀναγκάζει τοὺς νόμους μανθάνειν καὶ κατὰ τούτους ζῆν κατὰ παράδειγμα, ἵνα μὴ αὐτοὶ ἐφ' αὐτῶν εἰκῆ πράττωσιν.

Notas. 1. ὀπαλλαγῶσιν, subxuntivo aoristo de ὀπαλλάσσω, “saír de”, “deixar”. 2.

κατὰ τούτους refírese a τοὺς νόμους e ten κατὰ παράδειγμα como predicativo 3.

ζῆν infinitivo de ζῶω. 4. εἰκῆ = “á lixeira”, e πράττω = “actuar, obrar”.

II.- PREGUNTAS (Puntuación máxima: tres puntos)

a) Contestar a DÚAS destas catro PREGUNTAS

1. Análise sintáctica de ἵνα μὴ αὐτοὶ ἐφ' αὐτῶν εἰκῆ πράττωσιν.
2. Análise morfolóxica de μανθάνειν e πράττωσιν.
3. Importancia da educación na Filosofía e na Política de Platón.
4. Cite e explique algúns exemplos de vocabulario actual relacionados con παῖς “neno”, e con πόλις, “cidade”

b) Contestar obrigatoriamente a UNHA destas dúas PREGUNTAS:

1. ¿Cales son os temas fundamentais da Lírica Arcaica grega?
2. Trazos do heroe homérico.

GREGO II

OPCIÓN 1: XENOFONTE

I.- TRADUCCIÓN (Puntuación máxima: sete puntos)

ASTIAXES DEIXA QUE CIRO SAIA CAZAR.

Ἐπεὶ δ' οὖν ἔγνω ὁ Ἀστυάγης Κῦρον σφόδρα ἐπιθυμοῦντα ἔξω θηρῶν, ἐκπέμπει αὐτὸν σὺν τῷ θεῖῳ καὶ φύλακας συμπέμπει ἐφ' ἵππων, ὅπως ἀπὸ τῶν δυσχωριῶν φυλάττοιεν αὐτὸν.

NOTAS.- 1. ἔγνω, aoristo de γινώσκω; deste verbo depende a oración de participio Κῦρον ... ἐπιθυμοῦντα 2. Ἀστυάγης, Astiaxes (rei persa), Κῦρος, Ciro (rei persa). 3. A conxunción ὅπως ten valor final, “para que”.

II.- PREGUNTAS (Puntuación máxima: tres puntos)

a) Contestar a DÚAS de estas cuatro PREGUNTAS

1. Análise morfolóxica de φυλάττοιεν.
2. Obras de Xenofonte.
3. Episodios principais na relación entre gregos e persas.
4. Cite e explique algúns exemplos de vocabulario actual relacionados con ἵππος ‘cabalo’ e con αὐτός ‘el mesmo’.

b) Contestar obrigatoriamente a UNHA de estas dúas PREGUNTAS:

1. Temas e ambientes nos poemas de Alceo.
2. Características principais do heroe homérico

OPCIÓN 2: PLATÓN

I.- TRADUCCIÓN (Puntuación máxima: sete puntos)

PARA PLATÓN A POESÍA RESULTA DA INSPIRACIÓN DIVINA.

Πάντες γὰρ οἱ τῶν ἐπῶν ποιηταὶ οἱ ἀγαθοὶ οὐκ ἐκ τέχνης ἀλλ' ἐνθεοὶ ὄντες καὶ κατεχόμενοι πάντα ταῦτα τὰ καλὰ λέγουσι ποιήματα, καὶ οἱ μελοποιοὶ οἱ ἀγαθοὶ ὡσαύτως.

NOTAS. 1. οἱ τῶν ἐπῶν ποιηταὶ, “os poetas épicos”, οἱ μελοποιοὶ, “os poetas líricos”. 2. λέγουσι, “cantan, recitan”, mellor que “din”.

II.- PREGUNTAS (Puntuación máxima: tres puntos)

a) Contestar a DÚAS de estas cuatro PREGUNTAS

1. Analice morfoloxicamente ὄντες e λέγουσι.
2. Trazos fundamentais do pensamento de Platón.
3. Función social dos poetas e da poesía en Grecia.
4. Cite e explique algúns exemplos de vocabulario actual relacionados con τέχνη ‘arte’ e καλός ‘fermoso’.

b) Contestar obrigatoriamente a UNHA de estas dúas PREGUNTAS:

1. Temas e ambientes nos poemas de Alceo.
2. Características principais do heroe homérico.

CONVOCATORIAS DE XUÑO E SETEMBRO

De acordo co programa vixente, o labor de tradución, de coñecemento práctico da lingua grega, considérase básico e non substituíble por ningunha outra de estudos literarios, lingüísticos, histórico-culturais, etc. En consecuencia, dos DEZ (10) puntos posibles reservaranse **SETE (7)** para a cualificación da tradución; as respostas ao temario contribuirán á cualificación final cun máximo de **DOUS (2)** puntos; a pregunta sobre a lectura de obras literarias cualificarase como máximo con **UN (1)** punto.

Na **TRADUCCIÓN** consideraranse faltas os erros cometidos tanto na interpretación gramatical (morfoloxía e sintaxe) como na léxica (erro na

consulta do dicionario). Valorarase positivamente a corrección e soltura sintáctica da tradución.

Nas **PREGUNTAS** valorarase tanto o contido –cantidade e calidade de coñecementos- como a forma en que son expostos -corrección e soltura léxica, sintáctica, ortográfica, etc.

Lémbrese tamén que en ningún caso será válido que o alumno traduza o texto dunha opción e responda ás preguntas da outra opción.

É evidente que un exame en branco será cualificado con **CERO (0)** puntos.

CONVOCATORIA DE XUÑO

OPCIÓN 1: XENOFONTE:

I.- TRADUCCIÓN

Os atenienses, sitiados polos exinetas, tras enviar a Exina hoplitas (soldados de infantería) e a Pánfilo como xefe deles, levantaron un muro contra os exinetas e puxéronlles sitio tanto por terra como por mar con dez trirremes.

II.- PREGUNTAS (Puntuación máxima: tres puntos)

a)

1. Análise morfolóxica de πέμψαντες e de τριήρεςιν:

πέμψαντες: Nominativo de plural, masculino, participio de aoristo activo de πέμπω ‘enviar’; raíz verbal πεμπ-, sufixo de aoristo -σα-, sufixo de participio -ντ-, desinencia de nominativo de plural -ες.

τριήρεςιν: Dativo de plural de τριήρης, -ους, tema en -σ-, desinencia -σι + -ν eufónica ou efelcística. Sustantivo composto cos lexemas τρι- ‘tres’ + -ηρ- ‘remo’ e con sufixo -εσ-, *trirreme* (‘de tres (filas de remos’).

2. ¿De qué guerra protagonizada por Atenas se ocupa Xenofonte? Guerra do Peloponeso, 431-404 a.C., Atenas e aliados contra Esparta e aliados. Vencedora, Esparta, con desfeita total da frota ateniense en Egospótamos. Xenofonte escribe as *Helénicas*, que son continuación da *Historia da Guerra do Peloponeso*, relato que en Tucídides chega ata o ano 411.

3. Obras principais de Xenofonte: *Helénicas*, *Anábase*, *Ciropedia*, *Económico*, *Recordos de Sócrates*...

4. Exemplos de vocabulario actual relacionados con στρατηγός “estratego” e con δέκα “dez”:

στρατηγός: *Estratego*, home experto en *estratexia* ou arte de dirixir as operacións militares. *Estrataxema*, recurso ou astucia na guerra. *Estratéxico*, adxectivo relativo á *estratexia*, ou tamén lugar decisivo ou importante nas operacións militares. Estes nomes aplícanse tamén a operacións ou actividades non militares, por exemplo, *xogada de estratexia* no fútbol.

δέκα: *Década*, serie ou conxunto de dez (por exemplo, de días, anos, libros, ...). *Deca-* ‘dez’, en pesos ou medidas: *decagramo*, *decalitro*, *decámetro*; *decágono*, polígono de dez lados; *decálogo*, conxunto

dos dez Mandamentos da relixión cristián; *decatlon*, conxunto de dez probas atléticas.

b)

1. ¿Cales son os temas fundamentais da Lírica Arcaica grega?

O amor (homo- ou heterosexual) correspondido ou traizoado; a brevidade da xuventude e da vida; a amizade, o banquete e o viño; cantos de voda ou epitalamios; cantos de dó e loito; himnos ós deuses e heroes; epinicios ou cantos en honor dos vencedores nas competicións atléticas; as loitas políticas de aristócratas e tiranos; reflexións sobre a *pólis* e a súa defensa e o seu goberno, etc.

2. Riscos do heroe homérico.

Aristocracia, con ἀρετή, ‘excelencia’ ou ‘virtude’, innata, que se proba no consello, na elocuencia e noutras capacidades, sobre todo no valor e no éxito guerreiro con feitos que dan κλέος ἄφθιτον ou ‘gloria indestructible’. A riqueza e o botín de guerra son proba e exhibición da excelencia e da gloria. Ideal agonai: a vida do home concíbese como un ἄγών, un *agón* ou competición cos outros en ser o mellor, o primeiro... Exaltación da amizade e da vida familiar. Necesidade de evitar toda acción ou omisión que poida producir vergonza ou censura social, pero pouco ou ningún control dos afectos e das paixóns, e o caso máis destacado é o de Aquiles, que na súa cólera consinte a derrota dos outros aqueos.

OPCIÓN 2: PLATÓN

I.- TRADUCCIÓN

Despois que os nenos deixan os mestres (saen da escola), a cidade obrigaos a aprender as leis e vivir conforme a elas como modelo, para que non actúen á lixeira pola súa conta.

II.- PREGUNTAS

a)

1. Análise sintáctica de ἵνα μὴ αὐτοὶ ἐφ’ αὐτῶν εἰκῆ πρόπτωσιν.

Oración subordinada final, con conxunción ἵνα e verbo en modo subxuntivo πρόπτωσιν; suxeito αὐτοί, con complemento en xenitivo do reflexivo ἐφ’ αὐτῶν; μὴ adverbio de negación e εἰκῆ adverbio de modo como determinantes do verbo πρόπτωσιν.

2. Análise morfolóxica de μανθάνειν e πρᾶττωσιν.

μανθάνειν: infinitivo de presente activo do verbo μανθάνω; raíz verbal μαθ- que forma tema de

presente con infixo *-ν-* e sufixo *-αν-*; *-ειν* desinencia de infinitivo.

πρόπτωσιν: terceira persoa de plural do presente de subxuntivo activo do verbo *πρόπτω*; raíz verbal, tema de presente, *πρᾶπτ-*; *-ω-* vocal temática longa, sufixo de subxuntivo; *-σι-* desinencia de terceira persoa do plural, con *-ν* eufónica ou efelcística.

3. Importancia da educación na Filosofía e na Política de Platón.

Platón continúa e amplía a idea socrática de que o obrar mal é consecuencia da ignorancia. Platón, que deixa fóra da Academia os saberes relativos ó mundo (cosmoloxía, física...), atende as disciplinas relevantes para a formación do home e, en concreto, dos políticos; ten especial relevo a Dialéctica, método de chegar á verdade e de poñer en evidencia o error por medio de preguntas e respostas na análise dunha hipótese. O estudio da Dialéctica viña precedido polo coñecemento dos saberes ‘exactos’, é dicir, a Aritmética, a Xeometría, a Música e a Astronomía; en cambio, a ideoloxía platónica é fortemente crítica do relativismo perigoso que ve na Retórica ou arte da persuasión pola palabra que potenciou a Sofística e foi peza esencial da Educación despois de Platón. A súa insistencia na educación e na sabedoría pódese resumir no seu pensamento de que ó bo goberno da cidade chégase cando os filósofos gobernen ou os gobernantes filosofen. A virtude ou excelencia, *areté*, pódese ensinar e aprender, é materia de coñecemento superior á mera opinión; pero o coñecemento verdadeiro, o das ideas, está reservado a unha minoría e o común da xente soamente alcanza a mera opinión. De esta posición derivanse formas de entender a política nas que o goberno, as decisións, resérvanse a unha minoría e están proscritas ou desaconselladas as actividades e as artes que se estiman danosas para o home, a súa educación, o seu comportamento e, polo tanto, perigosas para a comunidade: aquí temos que censurar en especial a Platón pola súa crítica da poesía e dos poetas épicos e líricos, da traxedia e da comedia, de certas formas ou estilos de música, etc. Platón é un dos modelos das sociedades cerradas e totalitarias da tradición política occidental.

4. Exemplos de vocabulario actual relacionados con *παῖς* “neno”, e con *πόλις*, “cidade”.

παῖς, παιδός: *pedagogía* ou ciencia da educación; *pedagogo*, profesional da educación dos rapaces; *pediatría* e *pediatra*, ciencia e profesional da saúde e da enfermidade dos nenos; tamén as ciencias e técnicas compostas con final *-pedia*, ‘educación’, por exemplo, *logopedia*, para corrixir dificultades na pronunciación; *ortopedia*, para corrixir ou evitar deformidades corporais; *enciclopedia* é o conxunto de ensinanzas relativas a ciencias varias.

πόλις, -εως: todo o relativo á actividade *política* e á condición de *políticos*, é dicir, ó goberno e administración da comunidade de cidadáns; *policía* é o orde público e o corpo encargado de mantelo; son de sentido pexorativo *politicastro*, *politiqueo*, *politiquería*, como exemplos de mala *política*. (Non confundir con *poli-* (*πολύς*), ‘moito, abundante en...’, *políglota*, *polivalente*, *politeísmo*...)

b)

1. ¿Cales son os temas fundamentais da Lírica Arcaica grega?

O amor (homo- ou heterosexual) correspondido ou traizoado; a brevidade da xuventude e da vida; a amizade, o banquete e o viño; cantos de voda ou epitalamios; cantos de dó e loito; himnos ós deuses e heroes; epinicios ou cantos en honor dos vencedores nas competicións atléticas; as loitas políticas de aristócratas e tiranos; reflexións sobre a *pólis* e a súa defensa e o seu goberno, etc.

2. Riscos do heroe homérico.

Aristocracia, con *ἀρετή*, ‘excelencia’ ou ‘virtude’, innata, que se proba no consello, na elocuencia e noutras capacidades, sobre todo no valor e no éxito guerreiro con feitos que dan *κλέος ἄφθιτον* ou ‘gloria indestructible’. A riqueza e o botín de guerra son proba e exhibición da excelencia e da gloria. Ideal agonai: a vida do home concíbese como un *ἄγών*, un *agón* ou competición cos outros en ser o mellor, o primeiro.... Exaltación da amizade e da vida familiar. Necesidade de evitar toda acción ou omisión que poida producir vergonza ou censura social, pero pouco ou ningún control dos afectos e das paixóns, e o caso máis destacado é o de Aquiles, que na súa cólera consinte a derrota dos outros aqueos.

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

OPCIÓN 1: XENOFONTE

I .- TRADUCCIÓN (Puntuación máxima: sete puntos)

Despois que Astiaxes soubo que Ciro desexaba vivamente cazar fóra, envía co seu tío e envía tamén gardas a cabalo para que o protexan dos lugares difíciles.

II.- PREGUNTAS

a)

1. Análise morfolóxica de φυλόπτοιεν.

Terceira persoa do plural do presente de optativo activo de φυλόπτω: Tema de presente φυλόπτ-, sufixo de optativo temático -οι-, desinencia secundaria de terceira persoa de plural, voz activa, -(ε)ν.

2. Obras de Xenofonte. *Helénicas, Anábese, Ciropedia, Económico, Recordos de Sócrates...***3. Episodios principais na relación entre gregos e persas.**

1) A extensión do imperio persa ata o mar Exeo no século VI a.C. é dominio sobre algunhas cidades gregas que, encabezadas por Mileto, se rebelan e son castigadas. A reacción e resistencia de Atenas, Esparta e outras cidades provoca as chamadas *Guerras Médicas*, con derrota dos persas en Maratón (490 a.C.), derrota dos espartanos e outros gregos nas Termópilas (480 a.C.), pero victorias definitivas dos atenienses na batalla naval de Salamina (480 a.C.), dos espartanos en Platea (479 a.C.) e dos atenienses e outros en Micala (479). Destas *Guerras Médicas* temos relato detallado na *Historia* de Heródoto.

2) Na *Anábese* de Xenofonte cóntasenos a historia dos mercenarios gregos que axudaban ó persa Ciro o Novo na loita contra o seu irmán o rei Artaxerxe II. A derrota e morte de Ciro na batalla de Cunaxa (401 a.C.), preto de Babilonia, provoca que os gregos teñan unha accidentada retirada ata chegar, en marzo do 400 a.C., ó mar Negro (Trapezunte). Aínda que sempre se fala da “Anábese dos dez mil”, en realidade eran trece mil os mercenarios gregos e regresaron vivos máis de oito mil.

3) O último gran episodio nos encontros de gregos e persas é a expedición militar de Alexandre Magno, que entre os anos 334 e 325 a.C. derrota en varias batallas, en especial a de Gaugamela (Mesopotamia, 331 a.C.), ó rei Darío III e a varios dos seus sátrapas e chega nas súas conquistas ata o val e delta do río Indo.

Con Alexandre, morto no 323 a.C., ábrese o chamado Helenismo, expansión da lingua e cultura gregas a toda Asia Menor e Oriente Próximo e Medio, coas cidades de Alexandría (fundación de Alexandre, 332 a.C.) en Exipto, Pérgamo en Asia Menor e Damasco en Siria como capitais dos reinos chamados dos *Diádocos* ou sucesores de Alexandre.

4. exemplos de vocabulario actual relacionados con ἵππος ‘cabalo’ e con αὐτός ‘el mesmo’.

ἵππος: *hipo-* en compostos como *hipocampo* ou cabaliño de mar; *hipódromo*, pista para carreiras de cabalos; *hipopótamo* ou cabalo de río; adxectivo *hípico*, *hípica*, relativo ó cabalo: concurso *hípico*, deporte *hípico*... (Non confundir con *hipo-* (ὑπό) que significa ‘debaixo de...’ ou ‘escaso, deficiente en...’, *hipotálamo*, *hipodérmico*... *hipotensión*, *hipotermia*...).

αὐτός: gran cantidade de compostos en que *auto-* significa ‘por si só’, ‘por si mesmo’, por exemplo: *automóvil*, que se move por si mesmo; *autónomo*, que se goberna só ou por si mesmo; palabras de hoxe: *autoservicio*, *autosuxestión*... Tamén palabras simples, por exemplo, *autismo*, enfermidade psíquica do home que se cerra ó mundo exterior.

b)

1. Temas e ambientes nos poemas de Alceo.

Illa de Lesbos, s. VII-VI a.C., a loita entre bandos aristocráticos e contra os tiranos –tamén aristócratas-, con poemas nos que a cidade ou o bando político propio en loita contra os rivais son comparados ca nave que sofre os embates do mar tormentoso; denuncia e inxuria do inimigo no poder, queixa do vencido e exiliado. Tamén celebración do banquete aristocrático, da amizade e do viño en poemas nos que se quere dar unha lección ou experiencia. Himnos ós deuses e heroes.

2. Características principais do heroe homérico.

Aristocracia, con ὀρετή, ‘excelencia’ ou ‘virtude’, innata que se proba no consello, na elocuencia e noutras capacidades, sobre todo no valor e no éxito guerreiro con feitos que dan κλέος ὄφθιτον ou ‘gloria indestructible’. A riqueza e o botín de guerra son proba e exhibición da excelencia e da gloria. Ideal agonal: a vida do home concíbese como un ἄγων, un *agón* ou competición cos outros en ser o mellor, o primeiro. ... Exaltación da amizade e da vida familiar. Necesidade de evitar toda acción ou omisión que poida producir vergonza ou censura social, pero

pouco ou ningún control dos afectos e das paixóns, e o caso máis destacado é o de Aquiles, que na súa cólera consinte a derrota dos outros aqueos.

OPCIÓN 2: PLATÓN

I.- TRADUCCIÓN

Pois os poetas épicos, os bos, non din todos eses fermosos poemas por arte, senón porque están inspirados pola divindade e posuídos, e outro tanto os poetas líricos, os bos.

II.- PREGUNTAS

a) Contestar a DÚAS destas catro PREGUNTAS

1. Analice morfolóxicamente ὄντες e λέγουσι.

ὄντες, participio de presente de εἶμί ‘ser’, nominativo de plural, masculino. Raíz perdida por evolución fonética *s-, vocal temática -o-, sufixo de participio -ντ-, desinencia de nominativo de plural -εσ.

λέγουσι, presente de indicativo, activo, terceira persoa de plural. Tema de presente λεγ-; en -ουσι hay amalgama de vocal temática -o- y desinencia primaria de terceira persoa de plural *-ντι: *-οντι > -ονσι > -ουσι.

2. Riscos fundamentais do pensamento de Platón.

Como discípulo de Sócrates, entende que o mal é consecuencia da ignorancia e que a virtude poder ser obxecto de ensinanza e aprendizaxe. Ó coñecemento verdadeiro, superior á simple opinión recta que pode ter o común da xente, ven do estudio, en especial do estudio da Dialéctica ou método de preguntas e respostas para poñer en evidencia o error e chegar á verdade. Platón supón un mundo ideal ou das ideas eternas e inmutables que debe ser o obxectivo do noso coñecemento; desas ideas son mero reflexo as realidades do mundo que nos rodea. A nosa alma inmortal, antes de se encadear nun corpo mortal, viviu nese mundo ideal do que pode ter memoria ou ‘reminiscencia’ a través da filosofía: así pode chegar a coñecer e amar o Ben, que é a idea suprema. Punto importante da filosofía de Platón é o seu pesimismo político e a proposta de que non haberá bo goberno da pólis se os gobernantes non filosofan ou os filósofos non gobernan. O idealismo e a súas consecuencias nos esquemas políticos e de goberno que Platón propuxo fan de este filósofo un dos modelos ou inspiradores dos sistemas sociais de corte totalitario ou cerrado.

3. Función social dos poetas e da poesía en Grecia.

O autor e o cantor de poemas épicos, é dicir, o aedo e o rapsodo, teñen unha alta estimación social porque

a través deles falan as Musas; Hesíodo síntese con autoridade mesmo para rifar cos reis que abusan do pobo e dan sentencias inxustas. A voz do poeta lírico e os seus poemas terán aceptación ou rexeitamento segundo sexan o contido destes e a actitude do público oínte no caso, por exemplo, de poemas de contido político: Solón e as súas elexías sobre as reformas lexislativas que impuxo en Atenas; Teognis e as súas elexías queixosas do devalo da aristocracia e do ascenso social e económico das clases populares; o tamén aristócrata Alceo e as súas xenreiras e inxurias contra os inimigos que o botan ó exilio e instauran a tiranía en Lesbos; hai poemas de incitación ó valor, á loita e mesmo a dar a vida no combate pola cidade: os poemas de Tirteo para os espartanos en guerra cos mesenios, os de Calino en Éfeso ante a ameaza dos bárbaros cimerios, etc. Capítulo importantísimo do relevo social que ten o poeta e da altísima valoración que el mesmo fai da súa arte témolo sobre todo en Píndaro, e tamén nos outros autores de *epinicios*, é dicir, nos cantos corais que fan inmortal e panhelénica a gloria que acada o vencedor de competicións *olímpicas*, etc. En xeral o poeta que cultiva temas que afectan á colectividade polos contidos e polas ocasións nas que o poema se canta ou se recita (materia épica e mítica, actualidade política, festas relixiosas ou profanas, festas públicas ou privadas, tamén situacións de dó e de pranto) ten en Grecia unha función social ou pública moi estimada e a poesía é o seu medio de vida.

Cómpre recordar que para Platón os poetas tiñan que ser expulsados da cidade por mentireiros, por mover afectos e paixóns contrarios ós que debe ter un bo cidadán e porque o que fan nos seus poemas, figuras e temas non é mais que unha imitación de segundo orde da que non se gaña coñecemento verdadeiro e útil para o individuo e para a comunidade.

4. Cite e explique algúns exemplos de vocabulario actual relacionados con τέχνη ‘arte’ e καλός ‘fermoso’.

τέχνη, ademais de *técnica*, saber ou conxunto de saberes prácticos ou aplicados, os compostos como *tecnoloxía*, *tecnocracia*... alusivos ó manexo deses saberes, ó seu predominio na xestión de asuntos públicos... Tamén compostos con final *-tecnia*: *mercadotecnia*, *luminotecnia*, *electrotecnia*, *pirotecnia*... ou *técnicas* do mercado, da iluminación, da electricidade, dos fogos de artificio... Chámase *tecnicismo* a palabra propia do vocabulario dunha *técnica*.

καλός, *caligrafía*, arte de escribir correctamente; *calistenia*, ximnasia para ter musculatura forte ou fermosa; *calóptero*, que ten ás fermosas.

b)

1. Temas e ambientes nos poemas de Alceo.

Illa de Lesbos, s. VII-VI a.C., a loita entre bandos aristocráticos e contra os tiranos –tamén aristócratas-, con poemas nos que a cidade ou o bando político propio en loita contra os rivais son comparados ca nave que sofre os embates do mar tormentoso; denuncia e inxuria do inimigo no poder, queixa do vencido e exiliado. Tamén celebración do banquete aristocrático, da amizade e do viño en poemas nos que se quere dar unha lección ou experiencia. Himnos ós deuses e heroes.

2. Características principais do heroe homérico.

Aristocracia, con ἀρετή, ‘excelencia’ ou ‘virtude’, innata que se proba no consello, na elocuencia e

noutras capacidades, sobre todo no valor e no éxito guerreiro con feitos que dan κλέος ἄφθιτον ou ‘gloria indestructible’. A riqueza e o botín de guerra son proba e exhibición da excelencia e da gloria. Ideal agonal: a vida do home concíbese como un ἀγών, un *agón* ou competición cos outros en ser o mellor, o primeiro. . . . Exaltación da amizade e da vida familiar. Necesidade de evitar toda acción ou omisión que poida producir vergonza ou censura social, pero pouco ou ningún control dos afectos e das paixóns, e o caso máis destacado é o de Aquiles, que na súa cólera consinte a derrota dos outros aqueos.